O retrato oval

Edgar Allan Poe

Tradución: Breogana Gato Blanco
Versión: 1.1
https://gatoblanco.chafalladas.com

O pazo no que o meu criado se coara para entrar á forza, no canto de deixarme, gravemente herido como estaba, pasa-la noite á intemperie, era unha desas moles nas que se mesturaban o lóbrego e o grandioso e que amosaron durante moito tempo o seu cello entre os Apeninos, non moi diferentes na realidade das fantasías de señora Radcliffe. Semellaba abandonada temporalmente e dende había ben pouco. Instalámonos nunha das estancias máis pequenas e amobladas menos suntuosamente. Estaba nunha torre apartada do edificio. A súa decoración era fastosa, mais esfarrapada e antiga. Das súas paredes colgaban tapices e estaba decorada con escudos heráldicos de moitas clases e formas, ademáis dunha cantidade excepcional de cadros modernos moi vivaces enmarcados en elaborados arabescos dourados. Quizais fose o meu delirio incipiente o que me espertou un grande interese nestas pinturas, que non colgaban só das superficies principais, mais tamén dos abondosos recunchos que a estraña estructura do pazo producía. Tanto que lle pedín a Pedro que pechase as pesadas contras do cuarto, porque xa cerrara a noite, que acendese os pabíos do gran candelabro que había xunto á testeira, e abrise de par en par as cortinas de veludo negro con flocos que rodeaban o leito. Quería con todo iso abandonarme, se non ó sono, ó menos a alternar-la contemplación das pinturas co uso dun pequeno libro que atopamos sobre o cabezal, e que pretendía criticalas e describilas.

Moito lin, moito, e ollei, aplicadamente. Rápida e gratamente voaron as horas e chegou a escura medianoite. Amolábame a posición do candelabro e preferín estende-la man con dificultade, no canto de interrope-lo sono do meu criado, para poñelo de xeito que alumase mellor o libro.

Pero o cambio provocou un efecto totalmente inesperado. A luz das numerosas candeas (éranvos moitas) deu nun oco que ata entón asombrara un dos esteos do leito, de xeito que puiden ver, ben

alumando, un cadro do que non me decatara en absoluto. Era o retrato ducha moza xa case unha muller. Mirei apenas a pintura e deseguido pechei os ollos. Por que o fixen non estaba claro ó primeiro, nin sequera para min. Pero mentres as miñas pálpebras seguían cerradas, repasei mentalmente por que as cerrara. Foi un xesto impulsivo para ter tempo de pensar, para asegurarme de que a vista non me enganara, para acalmar e couta-lo devezo de botar unha ollada máis meditada e certeira. Abrín axiña os ollos de novo e fitei a pintura.

Non dubidaba nin podía dubidar de que agora vía ben; porque a primeira luz das candeas sobre o lenzo semellou esvaece-la soneira que se coaba nos meus sentidos, e acordoume de súpeto.

O retrato, como xa dixen, era dunha moza. Era só un busto, da mesma fasquía das que chamamos estampas; dun estilo moi semellante ó dos máis predilectos bustos de Sully. Os brazos, o peito, mesmo as puntas do radiante cabelo fundíanse imperceptiblemente ca vaga, mais profunda, sombra que formaba o fondo do conxunto. O marco era oval, de estilo mourisco dourado e filigranado ricamente. Como obxecto de arte nada podía ser máis admirable cá propia pintura. Pero non podían ter sido a feitura da obra nin a fermosura inmortal do aceno, as que me impresionaron tan de súpeto e intensamente. Aínda menos puido ser que a miña fantasía, arrincada da soneca, confundise o busto co dunha persoa real. Axiña me decatei de que as peculiaridades do deseño, a estampa e o marco, deberían ter disipado semellante idea; deberían ter evitado mesmo a sospeita fuxidía. Mentres matinaba nestas cuestións, fiquei, seica durante unha hora, medio sentado, medio recostado fitando o retrato. Despois, satisfeito por ter discorrido cal era o verdadeiro segredo do efecto que me producira, deiteime no leito. Descobrira que o feitizo do cadro consistía no absoluto realismo do aceno que, ó primeiro me sorprendera, e logo me confundira, dominara e desacougara. Con profundo e reverente abraio volvín o candelabro ó lugar anterior. Acochei así a causa da miña inquedanza. Busquei o libro que trataba das pinturas e a súa historia. Pasei as páxinas ata o número asignado ó retrato oval e lin estas vagas e estrañas palabras:

“Era una rapaza de beleza senlleira, mesmo máis alfúfara ca fermosa, e aciaga foi a hora na que viu, namorouse e casou co pintor. El era apaixoado, estudoso, austero e xa casara coa súa arte; ela era una rapaza de beleza senlleira, mesmo máis alfúfara ca fermosa, sempre a sorrir, resplandecente, e rebuldeira coma un cervatiño. Amante e agarimosa para todo, só odiaba a súa rival a arte e só temía as paletas e pinceis e o resto de deplorables instrumentos que a privaban da contemplación do seu amor. Xa que logo, foi algo terrible para a dama oir ó pintor falar do seu desexo de pintar incluso a súa noviña esposa. Pero ela era humilde e dócil e sentou con resignación durante moitas semanas na alta e escura habitación da torre onde a luz caía pingando sobre o pálido lenzo. El entregouse con devoción ó seu traballo, que durou moitas horas e moitos días. Era un home apaixoado, arroutado e morriñento que, perdido en fantasías, non se decatou de que a luz que caía tan pálida na torre solitaria chuchaba a saúde e os azos da súa esposa, á que ben vían todos murchar agás el. Mais ela seguía sorrinte e quieta, sen roñar, porque vía que o pintor (de moita sona) gozaba fervorasa e ardentemente a súa tarefa e obraba día e noite para retratar á que tanto o amaba, no entanto ela perdía decontino os folgos e as forzas. De feito, aqueles que ollaban o retrato bisbaban a semellanza, coma se fose un portento, proba tanto da mestría do pintor coma do seu profundo amor pola que representaba de xeito tan asombroso. Co tempo, segundo a labor se achegaba á súa fin, non se deixou entrar ninguén máis na torre, porque a paixón polo seu traballo toleaba o pintor, que apenas arredaba os ollos do lenzo, nin sequera para mira-lo rostro da súa muller. Non era quen de ver que as cores que esparexía sobre o lenzo saían das meixelas da que sentaba cabo del. Tras moitas semanas, cando xa quedaba pouco por facer, agás unha pincelada sobre a boca e outra sobre o ollo, o espírito da dama esmuxicou aínda, coma unha chama nunha lámpada. Chegou o intre de da-la derradeira pincelada, chegou o intre de aplica-la cor, e por un momento o pintor quedou enmeigado ante o traballo que fixera; pero axiña, mentres aínda o admiraba, comezou a tremer e esbrancuxarse e amedoñarse e exclamando “Isto é a vida mesma!” volveuse cara á sua amada... Morrera!”